

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA EN SESIÓN DE 18 DE XUÑO DE 2018 ADOPTOU O SEGUINTE ACORDO:

**APROBACION DAS BASES PARA A CONCESION DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR DO CONCELLO DE RIBADAVIA. CURSO 2018/2019.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación as bases para a concesión de axudas para material escolar do Concello de Ribadavia, Curso escolar 2018-2019 e que de seguido transcríbense:

**BASES DAS AXUDAS de MATERIAL ESCOLAR para educación infantil do concello de ribadavia (CURSO 2017/2018)**

A. Requisitos

- Que os ingresos totais da unidade familiar non superen os 2.017€
- Estar empadroad/a no Concello de Ribadavia na data de convocatoria da subvención.
- Ser alumno/a de Educación Infantil en calquera dos centros educativos pertencentes Concello de Ribadavia.
- Aportar a factura de compra do material con firma e selo de pagado.

B. Documentación a presentar

- Certificado de matrícula do centro escolar para o curso 2018-2019 do/a alumno/a.
- Fotocopia do libro de familia e DNI dun/unha dos proxenitores ou tutor/a legal.
- Certificado de convivencia da unidade familiar.
- Fotocopia compulsada e completa da declaración da renda referida ó exercicio 2016. En caso de non estar obrigados a facela ou de non presentala voluntariamente, deberá presentar un certificado negativo de Facenda.
- No caso de traballar, deberán presentar fotocopia da última nómina ou documento que acredite os ingresos familiares. Así mesmo presentarán certificado doutras axudas que perciban doutros organismos ou entidades (RISGA, Axuda a Integración do Menor, pensións non contributivas, prestación por fillo/a cargo...ou pensión de orfandade, xubilación, viuvez...).
- Se a situación é de desemprego, deberán presentar tarxeta do INEM e certificado de estar percibindo ou non prestación económica.
- Factura de compra do material con firma e selo de pagado.
- Nº de Conta IBAN, onde ingresar o importe da axuda concedida, de ser o caso.

• C. Baremo

**Nenos/as de 3 a 6 anos -Educación Infantil:-**

	<b>INGRESOS</b>	<b>AXUDA</b>
<b>1º</b>	Ingresos da unidade familiar de ata 1,50 do IPREM* (807€)	<b>80€</b>
<b>2º</b>	Ingresos da unidade familiar de ata 3,75 do IPREM (2.017€)	<b>50€</b>

\*Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples (IPREM) é un índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, becas, subvencións, subsidio de desemprego entre outros.

D.- Contía das Axudas:

O Departamento de Servizos Sociais informará o expediente de concesión da axuda, mediante un Informe Social, baseándose no apartado de C. Baremo.

As solicitudes serán resoltas pola Xunta de Goberno Local, tendo en conta os criterios económicos dos baremos anteriores.

E.- O prazo:

O prazo de presentación das solicitudes será dende o 12 de setembro ó 5 de outubro de 2018.

F.- Lugar de presentación:

A presentación de solicitudes levarase a cabo no Dpto. de Servizos Sociais do Concello de Ribadavia.

As referidas bases deberán expoñerse ao público mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello".

Ribadavia 19 de xuño de 2018

Secretario.Francisco Fernández Castro